



No *Diario Oficial de Galicia* do 15 de xuño de 2022 publicouse a Orde do Conselleiro de Facenda e Administración Pública do 30 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e se convoca a XXV edición do Premio Manuel Colmeiro, para traballos de investigación que teñan como obxecto a Administración pública de Galicia.

Finalizado o prazo para a presentación dos traballos candidatos ao premio, procede agora o nomeamento do xurado especial ao que corresponde o exame dos traballos presentados e, de ser o caso, a elaboración da proposta de adxudicación do premio, todo de acordo co disposto pola base novena da convocatoria.

De conformidade coa devandita base veño en nomear como integrantes do xurado especial ás seguintes persoas:

Presidente: Jaime Rodríguez-Arana Muñoz, Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña e ex director da Escola Galega de Administración Pública.

Secretaria: Erika Jaraiz Gulias, Profesora Contratada Doutora de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago de Compostela

Vogais:

Juan Raposo Arceo, Profesor titular de Dereito Civil na Universidade da Coruña

María Torres Pose, Letrada da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia

Elena Barba Pan, Secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2022

O Conselleiro de Facenda e Administración Pública

Miguel Corgos López-Prado

